Programación | 239|

novembro decembro | 2016 |

CGAI CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
FILMOTECA DE GALICIA

- OUFF: Carlos Restrepo e L'Abominable / Hugo Santiago
- Por un cine imposible. Documental e vangarda en Cuba (1959-1972)
- Máis aló da adaptación. A irrupción do esperpento no cine español
- Contexto: Langosta
- SEFF: film/notfilm
- Desencadres: Dorsky / Brakhage
- Fóra de Serie: Especial Jim Jarmusch (I)
- Off Galicia
- CGAI Júnior

XUNTA DE GALICIA

En colaboración co renovado Festival de Cine de Ourense (OUFF), o CGAI presenta dous focos consagrados a Hugo Santiago e a Carlos Restrepo e l' Abominable. Este último, en palabras da súa comisaria, Andrea Franco, "presenta o traballo do cineasta colombiano Camilo Restrepo en diálogo cunha serie de autores cos que partilla intereses formais e de contido. Como el mesmo, a maioría destes autores integran a cooperativa L'Abominable, situada nos arredores de París. L' Abominable é un laboratorio de cineastas que traballa sobre todo en celuloide, con película súper 8, 16 mm e 35 mm. Un taller colectivo onde se comparten as ferramentas e o coñecemento destas, para que cada autor sexa quen de desenvolver o seu propio traballo intelectual e materialmente. O programa está dividido en dúas sesións que, dalgún xeito, funcionan como limiar e epílogo da breve mais suxestiva filmografía de Camilo Restrepo, ao longo da cal cuestiona o uso das imaxes, desde os seus mecanismos de produción ata os seus sistemas de difusión."

Da súa banda, Hugo Santiago (Bos Aires, 1939) "cultivou —dinos o catálogo do OUFF—un cine vangardista e experimental, caracterizado pola súa profundidade e rebeldía. Estudou Filosofía e Literatura na Universidade de Bos Aires, onde coñeceu a Jorge Luis Borges. En 1959 foi bolseiro polo Fondo Nacional das Artes e viaxou a París, onde exerceu sete anos de asistente e discípulo de Robert Bresson. (...) A finais da década dos 70 realizou *Invasión*, con guión orixinal de Borges e Adolfo Bioy Casares, considerada por boa parte da crítica a mellor película da historia do cine arxentino. Radicado en Francia, volveu colaborar con Borges e Bioy en *Les autres* (1974), a historia dun home que perde a seu fillo e é arrastrado a unha serie de metamorfoses cando tenta pescudar as causas desa morte.

Dende mediados dos años 80, Santiago traballa case con exclusividade na realización do que el propio denomina "obxectos audiovisuais". Non se trata de documentais no sentido convencional. No cine achégase a unha obra preexistente sabendo que pola súa natureza cerimonial é irreproducible. (...) En 2013, retornou ao seu Bos Aires natal para rodar *El cielo del Centauro*, escrita onda Mariano Llinás."

Coincidindo coa estrea de dúas novas películas, *Paterson* e *Gimme Danger*, recupéranse as primeiras películas de Jim Jarmusch en copias dixitais, recuperación que continuará logo do Nadal con filmes como *Night on Earth, Dead Man*, etc. Tamén na sección "Fóra de serie" incluiranse dúas das películas máis prestixiosas e singulares do último ano, *Ahora sí, antes no*, de Honh Sang-soo, gañadora en 2015 do Leopardo de Ouro en Locarno e un dos éxitos máis inesperados da carteleira española, e *Homeland. Iraq Year Zero*, de Abbas Fahdel, documental de case seis horas en que o cineasta iraquí filma a súa familia en 2003, durante as semanas anteriores á guerra (a primeira parte) e xusto despois, cando a familia sufriu algunha perda irreparable (segunda parte). O documental de Fahdel preséntase en colaboración con Numax e poderá verse igualmente en Vigo e Ourense, nunha sorte de "estrea" galega.

A sección "Contexto" está adicada desta vez á pelicula *Langosta*, primeira incursión internacional en inglés do realizador grego Yorgos Lanthimos, en diálogo con outra produción helena, *Chevalier*, de Athina Rachel Tsangari, coa que ten en común ambientes opresivos e unha inclinación cara ás distopías que a conecta directamente con clásicos da ciencia ficción como *Fahrenheit 451*, cuxa versión asinada por François Truffaut se recobra para a ocasión. A carón das secciones de costume, "Off Galicia", "CGAI Júnior", cómpre destacar que a "Desencadres" volven dous habituais, Nathaniel Dorsky coas súas catro novas películas, e Stan Brakhage cun programa consagrado aos seus filmes sonoros (ou, máis ben, sonorizados).

Agradecementos: Camilo Restrepo, Andrea Franco; Fran Gayo, José G. Campo/OUFF; Jesús Pérez Vázquez; Numax Distribución, Abbas Fahdel; Festival CinEOI; Asociación da Prensa de A Coruña; José Luis Cienfuegos, Alejandro Díaz/Festival de Cine Europeo de Sevilla; Alberte Pagán.

POR UN CINE IMPOSIBLE. DOCUMENTAL E VANGARDA EN CUBA (1959-1972)

En colaboración co Museo Reina Sofía e a Cinemateca de Cuba.

MUSEO NACIONAL CENTRO DE ARTE REINA SOFIA · GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

Comisariado: Michael Chanan

O CGAI- Filmoteca de Galicia presenta en colaboración co Museo Reina Sofía este ciclo dedicado ao movemento documental cubano arredor da Revolución, un episodio da vangarda en América Latina decote ignorado. Unido ao pulo de mostrar unha realidade nova e repensar a función pública da imaxe, o documental en Cuba fusiona o rexistro fáctico coa estética de choque e a axitación da montaxe, producindo un manifesto visual irrepetible.

En 1959, a realidade cubana muda radicalmente co triunfo do movemento revolucionario. Unha das consecuencias na escena artística da illa é o nacemento dun novo cine en que o documental xoga un papel central. Apenas unha década despois, Julio García Espinosa, figura de referencia da produción cinematográfica, escribe un manifesto titulado *Por un cine imperfecto*. Nesta reflexión sobre a práctica do cine revolucionario, sostén que as imperfeccións dun cine de urxencia de baixo orzamento que busca xerar un diálogo público son preferibles ao brillo das grandes producións que simplemente anulaban e cousificaban o público. Esta tese, formulada nunha das pezas máis sobranceiras do ciclo, *Tercer mundo, tercera guerra mundial*, rodada en Vietnam en 1968, fica demostrada na corrente experimental que atravesa moitas outras das películas incluídas tamén no programa.

O novo documental que xorde en Cuba nos anos sesenta implica un paradoxo: é o momento da aparición das novas cámaras de 16 mm sincronizadas, que favorecen a estética revolucionaria do cine directo e do *cinéma vérité* nos países metropolitanos, mais non en Cuba, onde o novo instituto de cine, o ICAIC (Instituto Cubano del Arte e Industria Cinematográficos), está atoado nos 35 mm. Porén, os cineastas aprenden axiña a superar e a traballar con esas limitacións, motivados polo contexto avolto e cambiante que os rodea. A Revolución desata un frenesí de proxectos, con novos creadores que saen ás rúas entusiasmados por narraren a actualidade co que crean un terreo vizoso para un xénero en convulsión.

No núcleo deste ciclo encontramos a Santiago Álvarez, coñecido como o Dziga Vertov cubano, quen transforma decontado o *Noticiero* semanal do que estaba ao cargo. En lugar de mostrar unha secuencia arbitraria de elementos inconexos, úneos nun discurso político, ou convérteos en documentais monográficos, que logo continúa en filmes máis extensos. O público acode en masa a ver a súa sátira política, centrada nunha montaxe rápida e inmediata, normalmente dirixida contra o expansionismo norteamericano, precisamente nun momento en que o documental parece desaparecer das pantallas de cine metropolitanas. Álvarez tamén fai destes noticiarios unha escola para cineastas mozos, onde lles aprende a crear películas de modo veloz e barato, ao aproveitaren os materiais que houber a man. Deseguida o recurso da metraxe encontrada faise popular entre os documentalistas.

Como contrapunto a este cine, o programa inclúe unha escolma de filmes realizados en Cuba por cineastas estranxeiros chegados durante os primeiros anos da Revolución. Casos como o de Joris Ivens, que acepta afervoado un convite do ICAIC para rodar dúas películas, e outros, como Chris Marker e Agnès Varda, que rodan por decisión propia testemuños puntuais de solidariedade.

Con todo isto, búscase presentar un movemento ignorado nas historias da vangarda, mais fundacional na transformación crítica do documental nun medio que negocia cun momento histórico chave e examina os seus propios límites e posibilidades.

Agradecementos: Doclisboa, Tabakalera, ISKRA, Ciné-Tamaris, Drew Associates, Capi Films.

MÁIS ALÓ DA ADAPTACIÓN: A IRRUPCIÓN DO ESPERPENTO NO CINE ESPAÑOL

Tras a traxedia bélica de 1936 e durante a durísima posguerra, certo cine español —habitado desde o período mudo por personaxes populares, sainetescos e zarzueleiros— afrontará, malia as dificultades censoras, un camiño cara a unha intransferible e reflexiva modernidade, grotesca e esperpéntica, final mais só parcialmente abortada, semellante en certo sentido á levada a cabo no seu tempo polo escritor Ramón María del Valle-Inclán. Esta nova e dolorosa visita aos espellos cóncavos do Callejón del Gato, trascendental para a historia do cine hispano, depende tanto ou máis que dunha influencia directa do autor galego (ou de pintores como Francisco de Goya ou José Gutiérrez Solana) de, por unha parte, as non menos tráxicas circunstancias históricas que lles tocaron vivir aos seus facedores e, por outra, das conseguintes transformacións formais dos mecanismos significantes do seu propio medio de expresión.

Aínda que a culminación de tan crucial transformación ética e estética —iniciada xa en xermolo na obra fílmica de Edgar Neville (*La Torre de los siete jorobados*, 1944; as goyescas e solanescas *Domingo de Carnaval*, 1945, e *El crimen de la calle Bordadores*, 1946)— só se atinxirá a finais dos anos 50 e comezos dos 60 en excepcionais títulos de todos coñecidos (*Plácido*, 1961, e *El verdugo*, 1963, de Luis García Berlanga; *El pisito*, 1959, e *El cochecito*, 1960, de Marco Ferreri; *El mundo sigue*, 1963, e *El extraño viaje*, 1964, de Fernando Fernán-Gómez), o seu despegar pode illarse case literalmente a *Esa pareja feliz* (Juan Antonio Bardem y L. G. Berlanga, 1951) e ten fitos de excepcional importancia —á marxe pois do posterior e decisivo labor do guionista Rafael Azcona e case sempre desprezados pola crítica e a historiografía— en títulos senlleiros de José Antonio Nieves Conde (*El inquilino*, 1957), José María Zabalza (*Entierro de un funcionario en primavera*, 1958) ou o mesmo Fernán-Gómez (*Manicomio*, 1953, *La vida por delante*, 1958).

Este ciclo trata de sacar á luz as pegadas desa alporizada ollada ibérica que, desde arriba e con xenreira, distorsiona os riscos do mundo inicialmente costumista que observa para mostrar mellor, así e de novo, a triste e deformada realidade española.

José Luis Castro de Paz, comisario.

Agradecementos: Filmoteca Española, José Luis Castro de Paz, Vídeo Mercury.

Programación Ourense

Biblioteca Pública Nodal
Concello, 11. Ourense
Máis info: http://cineclubepf.blogspot.com.es/

Novembro 14, 20.30 e 23 h. Fóra de serie **A VINGANZA DUNHA MULLER** (Rita Azevedo Gomes, 2012) 104'. Subt. Galego.
Novembro 21, 20.30 h. Fóra de serie **HOMELAND (IRAQ YEAR ZERO). PART 1: BEFORE THE FALL** (Abbas Fahdel, 2015) 160'. Subt. Castelán.
Novembro 28, 20.30 h. Fóra de serie **HOMELAND (IRAQ YEAR ZERO). PART 2: AFTER THE BATTLE** (Abbas Fahdel, 2015) 174'. Subt. Castelán.
Decembro 12, 20.30 e 23 h. Off Galicia **AADAT / CRUZ PIÑÓN / SANTIAGO, OLLADAS DE PERFIL** (Xisela Franco, 2004-2015) 45'.

BIBLIOTECA PÚBLICA NODAL · CINECLUBE PADRE FEIJOO

Programación Vigo

Auditorio Municipal
Praza do Rei. Vigo
Máis infor: www.lumierevigo.com

Novembro 8, 19.30 h. Fóra de serie **A VINGANZA DUNHA MULLER** (Rita Azevedo Gomes, 2012) 104'. Subt. Galego.
Novembro 22, 19.30 h. Fóra de serie **HOMELAND (IRAQ YEAR ZERO). PART 1: BEFORE THE FALL** (Abbas Fahdel, 2015) 160'. Subt. Castelán.
Novembro 29, 19.30 h. Fóra de serie **HOMELAND (IRAQ YEAR ZERO). PART 2: AFTER THE BATTLE** (Abbas Fahdel, 2015) 174'. Subt. Castelán.
Decembro 13, 19.30 h. Off Galicia **AADAT / CRUZ PIÑÓN / SANTIAGO, OLLADAS DE PERFIL** (Xisela Franco, 2004-2015) 45'.

CONCELLO DE VIGO · CINECLUBE LUMIÈRE VIGO

MARTES

MÉRCORES

novembro
02
20.30h.
OUFF: Restrepo
Parties visibles et invisibles d'un ensemble sous tension (Emmanuel Lefrant, 2009) **Tropic Pocket** (C. Restrepo, 2012) **La impresión de una guerra** (C. Restrepo, 2015) **Septième Fraction** (Guillaume Mazloum, 2015)
16mm/HD. 51'. Presentación: Andrea Franco e Camilo Restrepo. Entrada de balde.

XOVES

novembro
03
18:00h.
OUFF: Restrepo
Cómo crece la sombra cuando el sol declina (C. Restrepo, 2014) **Planches, Clous, Marteaux** (Jérémy Gravayat, 2015) **Nueva Vida** (Kiro Russo, 2015) **Cilaos** (C. Restrepo, 2016)
16mm/HD. 71'. Presentación: A. Franco e C. Restrepo. Entrada de balde.

20:30h.
OUFF: Hugo Santiago
El cielo del centauro (2015)
93'. DCP.

VENRES

novembro
04
18:00 e 20:30h.
OUFF: Hugo Santiago
Invasión (1969)
123'. 35mm.

SÁBADO

novembro
05
18:00h.
Off Galicia
La sociedad del espectáculo
Jesús Pérez Vázquez, 2016
115'. HD. Presentación: J. Pérez Vázquez. Entrada de balde.

novembro
08
18:00 e 20:30h.
OUFF: Hugo Santiago
El teorema de Santiago
Ignacio Masllorens, Estanislao Buisel, 2016
96'. DCP.

novembro
09
18:00 e 20:30h.
Fóra de serie
Ahora sí, antes no
Hong Sang-soo, 2015
121'. DCP. Subt. Castelán.

novembro
10
19:30h.
Fóra de serie
Homeland (Iraq Year Zero) Part 1 - Before the Fall
Abbas Fahdel, 2015
160'. DCP. Subt. Castelán.

novembro
11
19:30h.
Fóra de serie
Homeland (Iraq Year Zero) Part 2 - After the Battle
Abbas Fahdel, 2015
174'. DCP. Subt. Castelán.

novembro
12
18:00h.
Off Galicia
VI Festival cinEOI
(2016)
110' aprox. Vídeo. Presentación. Entrada de balde.

novembro
15
20:30h.
Cuba: Comezos
El Mégano (Julio García Espinosa, Tomás Gutiérrez Alea, 1955) **La vivienda** (JGE, 1959) **Sexto aniversario** (JGE, 1959) **Asamblea General** (TGA, 1960) **Noticiero 49** (Santiago Álvarez, 1961)
87'. 35mm/HD.

novembro
16
18:00h.
Cuba: Batallas
Cuba, pueblo armado (Joris Ivens, 1961) **Historia de una batalla** (Manuel Octavio Gómez, 1961) **Ciclón** (Santiago Álvarez, 1965) **Now** (SA, 1965)
102'. 35mm.

20:30h.
Cuba: Longas loitas
79 primaveras (Santiago Álvarez, 1969) **La primera carga al machete** (Manuel Octavio Gómez, 1969)
109'. 35mm.

novembro
17
20:30h.
Esperpento
Verbena (Edgar Neville, 1941) **La torre de los siete jorobados** (EN, 1944)
115'. Presentación: José Luis Castro de Paz, comisario. Entrada de balde

novembro
18
18:00 e 20:30h.
Contexto
Langosta
Yorgos Lanthimos, 2015
119'. DCP. Subt. Castelán.

novembro
19
18:00h.
Fóra de serie
Joana Biarnés, una entre todos
Jordi Rovira, Óscar Moreno, 2015
72'. Vídeo. Entrada de balde. En colaboración coa Asociación da Prensa da Coruña

novembro
22
20:30h.
Cuba: Mulleres
Salut les Cubains (Agnès Varda, 1962) **Ella** (Theodor Christensen, 1964) **Iré a Santiago** (Sara Gómez, 1964) **Y tenemos sabor** (SG, 1967)
118'. 35mm.

novembro
23
18:00h.
Cuba: Alleos
Yanki No! (Robert Drew Associates, 1960) **La Bataille des Dix Millions** (Chris Marker, 1970)
118'. HD. Subt. Castelán.

20:30h.
Cuba: Lente ancha
Girón (Manuel Herrera, 1972)
120'. 35mm. Subt. Galego*

novembro
24
20:30h
Fóra de serie/SEFF
Film (Alan Schneider, Samuel Beckett, 1965) **Notfilm** (Ross Lipman)
148'. DCP. Subt. Castelán

novembro
25
18:00 e 20:30h.
Contexto
Chevalier
Athina Rachel Tsangari, 2015
105'. DCP. Subt. Castelán.

novembro
26
18:00h.
CGAI Júnior
Menudos héroes (2012-2014)
60'. DCP. Versión castelá. Entrada de balde (+4 anos)

novembro
29
20:30h.
Cuba: Perspectivas 1
Gente en la playa (Néstor Almendros, 1961) **Hombres del cañaveral** (Pastor Vega, 1965) **Guantánamo** (José Massip, 1967) **Madina-Boe** (José Massip, 1968)
120'. 35mm/HD.

novembro
30
18:00h.
Cuba: Terceiro mundo
Una isla para Miguel (Sara Gómez, 1968) **Tercer Mundo, Tercera Guerra Mundial** (Julio García Espinosa, 1970)
112'. HD.

20:30h
Cuba: Santiago Álvarez
Cerro Pelado (1966) **Hanói, martes 13** (1967) **Hasta la victoria siempre** (1967)
117'. 35mm/HD.

decembro
01
18:00
Esperpento
Entierro de un funcionario en primavera
José María Zabalza, 1958
75'.

20:30h.
Esperpento
El inquilino
José Antonio Nieves Conde, 1957
100'.

decembro
02
20:30h.
Contexto/25 anos das Bibliotecas Municipáis
Fahrenheit 451
François Truffaut, 1966
112'. 35mm. Subt. Castelán. Presentación. Entrada de balde

decembro
03
18:00h.
Off Galicia
A quen se lhe conte...
Alberte Pagán, 2011
67'. HD. Presentación: A. Pagán. Entrada de balde.

decembro
09
20:30h.
Desencadres: Nathaniel Dorsky
Intimations (2015) **Prelude** (2015) **Autumn** (2016) **The Dreamer** (2016)
83'. 16mm.

decembro
10
18:00h.
Desencadres: Stan Brakhage
Blue Moses (1962) **Fire of Waters** (1965) **The Stars Are Beautiful** (1974) **Caswallon Trilogy** (1986) **Loud Visual Noises** (1987, versión sonora) **Kindering** (1987)
65'. 16mm. Entrada de balde.

decembro
13
20:30h.
Cuba: Culturais
Por primera vez (Octavio Cortázar, 1967) **Nuestra Olimpiada en La Habana** (José Massip, 1968) **Acerca de un personaje...** (OC, 1968) **En la otra isla** (Sara Gómez, 1968) **Hablando del punto cubano** (OC, 1972)
114'. 35mm.

decembro
14
18:00h.
Cuba: Perspectivas 2
Hombres de Mal Tiempo (Alejandro Saderman, 1968) **LBJ** (Santiago Álvarez, 1968) **Despegue a las 18:00** (SA, 1969) **Café Arábiga** (Nicolás Guillén Landrián, 1968) **Isla del Tesoro** (Sara Gómez, 1969)
101'. 35mm/HD.

20:30h
Cuba: Perspectivas 3
¡Viva la República! (Pastor Vega, 1972)
100'. 35mm.

decembro
15
18:00 e 20:30h.
Fóra de serie: Jim Jarmusch
Permanent vacation (1980)
75'. DCP. Subt. Castelán.

decembro
16
18:00 e 20:30h.
Fóra de serie: Jim Jarmusch
Extraños en el paraiso (1984)
89'. DCP. Subt. Castelán.

decembro
17
18:00h.
CGAI Júnior
Ponyo en el acantilado Hayao Miyazaki, 2008
103'. 35mm. Versión castelá. Entrada de balde (+4 anos)

decembro
20
20:30h.
Esperpento
El pisito
Marco Ferreri, 1959.
75'.

20:30h.
Esperpento
Plácido
Luis García Berlanga, 1961
85'.

decembro
21
18:00h.
Esperpento
Luces de bohemia
Miguel Ángel Díez, 1985
94'.

20:30h.
Esperpento
El mundo sigue
Fernando Fernán-Gómez, 1963
120'.

decembro
22
18:00 e 20:30h.
Fóra de serie: Jim Jarmusch
Bajo el peso de la ley (1986)
107'. DCP. Subt. Castelán.

decembro
23
18:00 e 20:30h.
Fóra de serie: Jim Jarmusch
Mystery Train (1989)
110'. DCP. Subt. Castelán.



CGAI CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
FILMOTECA DE GALICIA

Programación | 239 |
novembro decembro | 2016 |

Información xeral
Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria.
A duración dos filmes é orientadora e aproximada.
Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade.
Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.
As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada
- Xeral: 1'20 €
- Carné Xove: 0'60 €
- Abono para 10 sesións: 9 €
- As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciarase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente).
Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270
Fax: 881 881 271
E-mail: programacion.cgai@xunta.es

Subtitulado electrónico*
Subtitula'm S.L.

Información adicional
www.cgai.org

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais
XUNTA DE GALICIA
galicia

Depósito legal: C 671-2001